

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres, 20 de xullo de 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.- Aprobación da acta da sesión anterior nº 13/2018 do 6 de xullo

Asesoría Xurídica

2.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso nº PA 139/2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, interposto por Fénix Directo, S.A., don Óscar Xoaquín Pérez Guerra e don Joaquín Pérez Pérez, sobre responsabilidade patrimonial.

3.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 90/2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, interposto por dona María Jesús Sánchez Chouza, sobre a relación de postos de traballo 2018.

4.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia nos autos nº 203/2018, do Xulgado do Social nº 2 dos da Coruña, seguidos a instancia de dona María del Mar Rodríguez Miramontes, sobre despedimento e tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas.

5.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 160/2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, interposto por don Óscar Cardelle Rivas, sobre sanción de tráfico do Concello de Betanzos.

6.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia nos autos nº 1354/2017, seguidos perante o Xulgado de Instrución nº 5 dos da Coruña, por danos causados en bens provinciais.

7.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia, como parte interesada, no recurso PO 648/2018, seguido perante a Audiencia Nacional, polo Concello de Arteixo, contra a resolución do Ministerio de Fomento, do 03/04/2018.

8.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal nº 339/2016, que se tramita á entidade Hostelería Sumarco SLU.

9.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal nº 254/2016, que se tramita á entidade Alemar Edifica SLU.

10.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 136/2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, interposto por dona María Celia Veiga Ramos e don José Daniel Quinte Arias, sobre tributos.

11.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, do 22/06/2018, recaída no recurso de apelación nº 15005/2018, interposto pola Deputación Provincial da Coruña contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos da Coruña, do 21/11/2016, recaída en PA 143/2016, interposto por don Manuel Díaz García, sobre tributos.

12.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña, do 07/02/2018, recaída en PA 84/2017, interposto por don Ángel Pardo de Vera Fabeiro, sobre materia tributaria.

13.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 05/07/2018, recaída en recurso de apelación nº 4047/2017, interposto por dona María Dolores Diz Bravo contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña, recaída en PO 198/2015, sobre recadación de cotas de urbanización.

Servizo de Asistencia Técnica a Municipios

14.- Toma de coñecemento da Resolución pola que se aproba o anuncio das convocatorias para a tramitación electrónica na plataforma SUBTEL das actuacións do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

15.- Aprobación do informe sobre o proxecto do Plan xeral de ordenación municipal de Cabana de Bergantiños, aprobado inicialmente.

16.- Aprobación do informe sobre as consultas ambientais da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Cambre na UE 3.

17.- Aprobación do informe sobre o proxecto de modificación puntual núm. 6. do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Curtis.

18.- Aprobación do informe sobre o proxecto de modificación puntual núm. 7 do Plan xeral de ordenación do Concello de Curtis.

19.- Aprobación do informe sobre a aprobación definitiva do proxecto de urbanización do polígono 1 do sector SUD 3 no Concello de Curtis.

20.- Aprobación do informe sobre o proxecto de modificación puntual das normas subsidiarias municipais do Concello do Val do Dubra no núcleo de Cernadas.

21.-Aprobación da emisión do informe sobre o recoñecemento de treitos urbanos nas estradas de titularidade provincial que atravesan os núcleos rurais de Ferrol.

22.- Aprobación do informe sobre o recoñecemento de treito urbano do núcleo de Abeledo en Sobrado dos Monxes.

23.- Aprobación do informe sobre consulta a esta administración para a elaboración do documento de alcance do estudo de impacto ambiental do proxecto de "Parque eólico Ardemil de 51,975 mw, subestación eléctrica 30/220 kv e liña eléctrica 220kv para evacuación en Ordes, Cerceda, Carral, Abegondo e Mesía (A Coruña).

24.- Aprobación do informe previo á aprobación inicial do proxecto de execución da modificación do parque eólico de Mouriños.

25.- Aprobación do informe sobre o proxecto de execución da modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico de Mouriños.

26.- Aprobación do informe previo á aprobación inicial do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da infraestrutura eléctrica de evacuación do parque eólico Pena Forcada - Catasol II.

27.- Aprobación do informe sobre a proposta de revisión do Plan director do aeroporto da Coruña e a súa avaliación ambiental.

28.- Aprobación do informe sobre o proxecto de construción do itinerario peonil na AC-305 treito Tallós – Muro Novo PQ 2+730 – 3+690

Servizo de Acción Social Cultura e Deportes

29.- Toma de coñecemento da Resolución 25036/2018 pola que se modifica a Resolución nº 13615/2018, de aprobación das Bases da convocatoria do premio "Otero Pedrayo 2018"

ROGOS E PREGUNTAS